

Eu son dos que fun educado en castelán. Nacín na Rúa da Troia e alí vivín ata os 18 anos, cando Compostela era só Santiago e a campá da catedral aínda non fendera. Coñezo San Martín Pinario, o Seminario Maior e os xardíns de diante como a miña propia casa. Subín pola Porta Santa centos de veces e toquei coas mans o Apóstolo, Atanasio e Teodoro, non sei aínda como, pero podería ser o 28 daquel pórtico. O cardeal Quiroga pasaba pola nosa rúa e íamos todos a bicarlle o anel que brillaba como un potoxí granado. Descubrín o conflito lingüístico dentro da propia casa, cando escoitaba ós meus pais falar en galego coa miña avoa Ermitas e a miña tía Pilar. Son fillo, neto e bisneto de poleira e todas elas falaban galego entre si, sempre e en todo lugar. Pero os meus pais, con nós, non. Tardei en decidirme a falar a lingua propia de Galicia. Xa era un mozo. Hoxe lamento profundamente o tempo perdido e as voces e verbas esquecidas. As dificultades para vivir en galego. Porén, pódese. Xuntos podemos defender a nosa lingua e cultura. Protexer o noso patrimonio. E que mellor patrimonio que o construído polos nosos antergos con tanto esforzo e cariño, para nós, para as xeracións vindeiras, para sempre, a cada instante, como respiramos...

Manuel Dios Diz

Presidente Seminario Galego de Educación para a Paz

DO GALEGO